

Decreto nº 580 /2012

Ref.Adjudicación contrato SAF

Incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 12/06/2012 a licitación relativa ao "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO unha vez xustificada a súa necesidade, por procedemento aberto en atención á súa contía, e tramitación ordinaria.

Por Resolución da Alcaldía nº 393/ 2012 do día 13/07/2012 apróbase o expediente de contratación, mediante procedemento ABERTO, tramitación ordinaria, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas; o gasto correspondente por importe de 372.374,88€ (trescentos setenta e dous mil trescentos setenta e catro euros, con oitenta e oito céntimos de euro) IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 358.052,77€ (trescentos cincuenta e oito mil cincuenta e dous euros, con setenta e sete céntimos de euro) e o IVE que supón a contía de 14.322,11 € (catorce mil trescentos vinte e dous euros con once céntimos de euro), con cargo á partida 231/227/99 do orzamento municipal vixente correspondente a 24 mensualidades do servizo, e se dispón a apertura do procedemento, publicándose esta no perfil do contratante e BOP e DOG, outorgando un prazo de presentación de ofertas que se computará dende o día seguinte á última publicación, de conformidade co artigo 154 do TRLCSP.

Publicado o o anuncio de licitación nos seguintes medios:

- No perfil do contratante o día 19/07/2012.
- No BOP o día 27/07/2012.
- No DOG o día 25/09/2012.

Expedido certificado pola Secretaria no que se indica que rematando o prazo de presentación de ofertas (15 días hábiles dende o último anuncio no BOP ou DOG) o día hábil 13/10/2012, presentaron proposta (sen recibirse fax de aviso ningún):

- MARINE BOS AIRES S.L. (RXE nº 7156)
- ULLA-SAR, S.L.(RXE nº 7325)
- BARTI SERVICIOS 2009 S.L. (RXE nº 7380)

Vista a Acta Primeira da Mesa de Contratación de data de 19/10/2012 relativa ao sobre A, pola que se rexeita a documentación presentada por Barti Servicios 2009 por falta de sinatura do sobre A (incumprimento da cláusula 12.0 non emendable e causa de inadmisión) e se acorda requirir a emenda ás 2 empresas restantes, o que se efectúa vía correo electrónico no mesmo día.

Convocada a 2ª mesa de contratación, e anunciada no perfil, para o 25/10/2012 nesta acordouse:

- admitir aos licitadores seguintes:
 - Marine Bos Aires S.L.U
 - Servizos Sociais Ulla-Sar, S.L.
- Rexeitar a Barti Servicios 2009 por falta de sinatura do sobre A.
- Procedéndose acto seguido á apertura do sobre B, e estimándose correctas as proposicións económicas efectúase a avaliación conforme á clausula 15.

En consecuencia, e tal e como figura na acta da mesa 2ª a suma total dos criterios de adjudicación resulta, por orden decrecente da obtida polos licitadores é:

oferta prezo		Prezo	Puntos	Puntuación total
Marine Bos Aires S.L.U	hora normal :10:67	Baixa ofertada Prezo tipo hora normal: 10,80.- Baixa: 0,13	Hora normal:15 puntos	20
	hora domingo ou festivo estatal, autonómico ou local:11,58	Prezo tipo hora festivo/domingo: 13,5 Baixa: 1,92	Hora festivo/domingo: 5 puntos	

Servizos Sociais Sar, S.L.	hora normal :10:67 hora domingo ou festivo estatal, autonómico ou local: 13,24	Prezo tipo hora normal: 10,80.- Baixa: 0,13 Prezo tipo hora festivo/domingo: 13,5 Baixa: 0,26	Hora normal:15 puntos Hora festivo/domingo: 0,677 puntos	15,677
-----------------------------------	---	--	---	---------------

Asemade, na acta da mesa 2ª consta o seguinte:

<<.../... O representante da empresa Servizos Sociais Ulla-Sar, S.L. quere facer constar tras ver a proposición económica efectuada pola empresa Marine Bos Aires, S.L.U, que esta non recolle no apartado IV o importe mensual total ao que ascende o servizo.

A representante da empresa Marine Bos Aires, S.L. di que o preguntou no concello e así o entendeu.

Considerando que a proposición discutida di no apartado IV: " *Que me comprometo tamén á execución do contrato con suxeición aos pregos aprobados, a os textos legais que rexen, sen que en ningún caso o importe facturado por as horas efectuadas por prestación do servizo mensual supere os 10, 67€ (iva excluído) hora normal e 11,58€ h.en domingo ou festivos (iva excluído). Ata...."*

A mesa, estudiada a alegación efectuada, considera:

- que a proposición discutida reúne os datos esixidos no modelo do anexo II e que o apartado IV puido dar lugar a confusión sobre o importe a indicar, isto é mensual total ou mensual segundo o importe de cada hora. O certo é que os prezos unitarios resultan claros e que os licitadores aceptan os pregos en canto formulan a súa proposición.
- que na cláusula 5 dos Pregos de cláusulas administrativas particulares se determina os prezos unitarios do servizo ademais da remisión ao anexo I respecto do orzamento máximo do contrato, e que isto debe enlazarse coa cláusula 26 dos mesmos pregos que indican que a estimación é sobre 795 horas normais/ mes e 100 horas en domingos e festivos/ mes coa indicación de que " *as horas de domingos ou festivo que polas necesidades do servizo non se esgotaran, poden compensarse por un número equivalente de horas normais (ao prezo de hora normal).*
- non indicar o importe que corresponda no apartado IV non a fai descoñecedora dos PCAP e PPT que rexen esta licitación, non podendo facturar mais que as horas efectivamente realizadas e que en calquera caso non poderá ser superior a un total de 895horas (co límite de 100 para os domingos e festivos) ao prezo unitario ofertado. O feito de que non se esgoten as horas en domingos ou festivos non permite facturar ata acadar o máximo do crédito mensual, isto é, non cabe acadar un importe equivalente ao que resulte de multiplicar as que resten – se realmente se precisaran e foran executadas- polo prezo normal e ata o máximo que resultaría se foran festivos, senón que soamente poderíanse facer un número de horas equivalentes as non esgotadas.

Exemplo: un mes de 795 horas normais e 80 horas en domingos e festivos pero que á vista da progresión permitiu compensar as non esgotadas en domingos ou festivos por 15 horas mais en horario normal.

Pois ben, empregando como exemplo os prezos unitarios tipo, o resultado sería:

- 795 horas normais x 10,80€= 8.586€.
- 80 horas festivos ou domingos x 13,50= 1.080€
- 15horas normais mais (ao non esgotarse as estimadas nos Pregos) x 10,80= 162€

Isto faría un total de 9.828€.

Concluindo, a mesa estima correctas ambas proposicións, xa que logo garda concordancia coa documentación presentada, non excede o orzamento base de licitación, nin varía substancialmente o modelo establecido ou deriva un erro manifesto no importe da proposición nin é inviable tal e como determina a cláusula 14.3 dos Pregos de cláusulas administrativas particulares. Non hai variación substancial na proposición posto que a cantidade a sinalar no apartado IV non engade nada novo aos criterios de avaliación nin ao reflectido nos pregos. O vinculante é os prezos unitarios ofertados e o número de horas máximo mensual (895horas co límite de 100 para os domingos e festivos)..../...>>

Polo exposto, a Mesa acorda por unanimidade propoñer ao órgano de contratación que requira a documentación precisa para a adxudicación do presente contrato a Marine Bos Aires S.L.U por ser o licitador que acadou a maior puntuación nos criterios de adxudicación.

Vista que é a oferta economicamente mais vantaxosa, como esixe a normativa, requeriúselles a dito licitador o día 30/10/2012 (rex. saída nº 4784), para achegar documentación xustificativa de estar ao corrente coa Seguridade Social e débedas tributarias ou autorice ao órgano de contratación para obtelas directamente, así como a constitución da garantía definitiva correspondente ao importe de adxudicación segundo os prezos ofertados e horas estimadas máximo, sendo esta de 11.568,78 €

O día 06/11/2012(RXE nº 7451) presenta o licitador toda a documentación esixida correctamente, así como garantía polo importe esixido na conta de Novagalicia banco efectuada o 05/11/2012€.

Considerando correcta a documentación xustificativa presentada por Marine Bos Aires, S.L.U e axústada ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas; e visto que se seguiron tódolos trámites establecidos legalmente, esta Alcaldía en uso das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía,

RESOLVE:

PRIMEIRO: Declarar, conforme as actas da mesa de contratación admitidos aos licitadores seguintes, por presentar dende o inicio, ou trala emenda a documentación correctamente en tempo e forma:

- Marine Bos Aires S.L.U
- Servizos Sociais Ulla-Sar, S.L.

E Rexeitar aos licitadores seguintes polos motivos que se expoñen:

- Barti Servizos 2009 por falta de sinatura do sobre A (incumprimento cláusula 12.0 non emendable e causa de inadmisión)

SEGUNDO: Adjudicar o contrato de "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO" á empresa Marine Bos Aires S.L.U con CIF B70086673 con domicilio en Praza do Concello, 5, planta 1ª porta A.15220 Ames (A Coruña)

TERCEIRO: Establecer como **prezo de contrato** a cantidade de **240.630,62 EUROS** (douscentos corenta mil seiscientos trinta euros con sesenta e dous céntimos de euro) **IVE engadido**, que se desagrega nun valor estimado de "douscentos trinta e un mil trescentos setenta e cinco euros con sesenta centimos de euro " (231.375,60 €) e o IVE que supón a contía de " nove mil doucentos cincoenta e cinco euros con dous céntimos de euro" (9.255,02€).

O devandito servizo é para 24 meses. No caso de acordarse a prórroga polo órgano de contratación deberá verificarse a existencia de crédito polo tempo que se acorde e prestación do aval correspondente.

O valor estimado mensual é de 10.026,28 € incluído o IVE do 4% (9.640,65€ e ive de 385,63€)

CUARTO: Notificar aos licitadores presentados co recurso especial de contratación conforme ao estipulado no artigo 40 e seguintes do Rd.3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

QUINTO: Nomear director do servizo a D.Rosa Maria Rey Romay, traballadora social deste concello, debéndoselle comunicar.

SEXTO: O contrato non será formalizado ata o transcurso do prazo de 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adjudicación, prazo que o é para a interposición do recurso indicado.

- De non interperse poderá formalizarse no prazo de 5 días seguintes á finalización dos 15 días sinalados.
- De interperse quedará en suspenso a tramitación do expediente de contratación e, por ende, a formalización do contrato ata a súa resolución.

SETIMO: Publicar no perfil a adjudicación aos efectos do artigo 151.4º do Rd.3/2011 (TRLCS)

Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante, no Boletín oficial da Provincia e no DOG, unha vez producida nos termos do apartado Sexto desta resolución.

Asemade, de conformidade co artigo 154.3 do TRLCS, comuníquese á **Comisión Europea** por si estima publicalo, ao ser un contrato de servizos da categoría 25 e superar os 200.000€.

OITAVO: Comuníquese ao Rexistro de Contratos do Sector Público antes de rematar o primeiro trimestre do ano 2013.

NOVENO: Remítase ao Consello de Contas nos tres meses seguintes á formalización do contrato unha copia certificada da formalización xunto cun extracto do expediente administrativo (artigo 29 da TRLCSP)

Rianxo, 08 de novembro de 2012

O Alcalde

Adolfo F. Muñoz Sánchez

A Secretaría, que dou fe.

Carolina Costoya Pardo